



Cpr "SAN JORGE"

Avda. de Coímbra, 24

15407 – Santiago

Telf./ Fax: 981-581398

colexiosanjorge@colexiosanjorge.com

PLAN DE ORIENTACIÓN DO CENTRO

PLAN DE ORIENTACIÓN DO CENTRO

- **XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**
- **OBXECTIVOS**
- **PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS**
 - **NA AULA**
 - **NO CENTRO**
- **EXTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**
- **MEDIDAS DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN PARA O ALUMNADO CON NEE**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN**

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O Plan de Orientación forma parte do Proxecto Curricular do Centro. Os seus aspectos concrétnanse como un título máis do Plan Anual do Centro. En todo caso pretende ser coherente coas Finalidades Educativas do Centro.

Na súa elaboración téñense en conta:

- a) As necesidades actuais, detectadas a partires do análisis das reunións do curso anterior.
- b) Problemas observados no inicio do curso.

Os obxetivos que pretende acadar, así como, as actuacións para conseguilos, teñen que ser aceptados polos Equipos Educativos. E dicir, que para que poda aplicarse, os mestres do Centro deben compartilo e reflexar os seus principios e obxetivos xerais na programación das Unidades Didácticas ou na súa programación de aula, tercer nivel de concreción.

Os principios que o guían son:

- Globalidade, pois dirixese ao Centro completo, tendo en conta as interaccións que se dan entre os distintos ámbitos de organización deste.
- Psicosocial, ao considerar como unidade o grupo clase e as interaccións que se producen nel debido o seu carácter dinámico.
- Individualización, tanto a educación como a orientación teñen que ser persoalizadas, pois son persoas individuais distintas en intereses, motivacións, procedencia social, capacidades,... as perceptoras do Plan. Aínda que teñen características comúns de idade, cultura, condicións de estudo, situación familiar...

OBXECTIVOS

Entendemo lo centro como o espacio educativo que facilita a integración do alumnado e compensa desigualdades, facilitando o seu rendemento académico e a formación integral. As actividades educativas deben deseñarse para:

A función docente vai mais alá da mera instrucción, debe abarcar tamén a orientación e a tutoría do alumnado.

Os Obxetivos Xerais do Plan de Orientación e Acción Titorial deben servir para dinamizar as estruturas do Centro, potenciando o traballo dos Equipos Educativos e a función de tutoría.

- a) Axudar a persoalizar a educación.
- b) Educar segundo as necesidades dos alumnos.
- c) Axudar nos procesos de desenrolo persoal, adquisición da propia identidade e sistema de valores.
- d) Garantir unha educación diferenciada e especializada.
- e) Prever as dificultades de aprendizaxe.
- f) Asegurar a continuidade educativa o longo das distintas áreas, ciclos e etapas.
- g) Facilitar a innovación e calidade dunha educación orientadora e desenvolver a oferta educativa.
- h) Establecer vínculos de colaboración e cooperación entre o centro, as familias do alumnado e o entorno.

PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Desenrolamos os distintos programas de traballo tanto a nivel aula como centro:

NA AULA

A orientación na aula clase constitúe a acción titorial que forma o primeiro nivel do sistema de orientación e son os titores o elemento básico da orientación do alumnado.

Ten como finalidade atender aos aspectos do desenvolto, maduración, orientación e aprendizaxe dos alumnos, considerados individualmente e como grupo. O titor ten que coñecer aos seus alumnos o mellor posible e servir de nexo de unión entre a familia e o centro, e entre os outros mestres que atenden ao mesmo grupo.

A titoría no grupo acada o conxunto de actividades que o profesor/a leva a cabo co grupo-clase. No contido das sesións de titoría en grupo deberá ter en conta: o coñecemento mutuo, as relacións interpersoais, as técnicas de traballo en grupo, as técnicas de traballo intelectual, etc.

Os profesores titores exercerán as seguintes funcións:

a) Cos alumnos:

- Desenrolar as actividades programadas no Plan de Orientación e acción Titorial.
- Coordinar o proceso de avaliación do alumno e adoptar as decisións que procedan acerca da promoción dun Ciclo a outro, previa audiencia dos pais/ nais ou titores legais.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe dos alumnos co obxecto de detectar as dificultades e necesidades, artellar as respostas educativas axeitadas ou recoller, no seu caso, os oportunos asesoramentos e apoios.

- Atender as dificultades de aprendizaxe do alumno para proceder á modificación persoal do currículo.
- Facilitar a integración do alumno no grupo-clase e fomentar a súa participación nas actividades do Centro.
- Contribuír a personalización dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- Fomentar o desenvolvemento de actitudes participativas e solidarias.
- Cumprimentar a documentación académica individual do alumno ao seu cargo.
- Favorecer e mellorar a convivencia no grupo, o desenvolvemento persoal, a integración e a participación do alumnado na vida do Centro.

b) Cos profesores:

- Coordinar o axuste das programacións ao grupo-clase.
- Coordinar o proceso avaliador e a información sobre os alumnos con varios mestres.
- Posibilitar as liñas comúns de acción cos demais titores no marco do Proxecto Educativo do Centro.
- Atender e coidar ao alumnado nos períodos de leer e nas outras actividades non lectivas de acordo co establecido polo centro.

c) Cas familias:

- Contribuír ao establecemento de relacións fluidas cos pais e nais.
- Implicar aos pais e nais nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos (establecemento do compromiso pedagóxico).
- Informar aos pais de todo aquilo que lles concerne en relación cas actividades docentes, as complementarias e co rendemento académico.
- Facilitar a cooperación educativa entre os pais e os profesores.

Así pois, a acción tutorial é o conxunto de intervencións que se desenvolven co alumnado, as familias e co Equipo Educativo de cada grupo.

De acordo coa Lexislación vixente, cada unidade ou grupo de alumnos terá un mestre-titor/a, que será designado polo Director, oído o Claustro de mestres.

O titor de cada curso, o inicio do Ciclo, realizará unha xuntanza cos pais para informar do plan global do ciclo. Así mesmo, manterá contactos periódicos con cada un deles e, durante todo o ano académico, atenderá aos alumnos ou aos seus representantes legais que desexen coñecer con detalle a súa marcha durante o curso.

No horario do titor incluírase unha hora semanal das de obrigada permanencia no centro, que se dedicará as entrevistas cos pais, nais ou titores legais dos alumnos que será no horario de tutoría, exposto no taboeiro de anuncios e que figura no Plan Xeral do Centro.

Cando algún profesor necesite reunirse co orientador ou outro profesional do EOE, concertará a entrevista correspondente a través da Xefatura de Estudos.

Cada titor, ao inicio do Curso realizará a Exploración Inicial dos seus alumnos coas probas que se determinen (preferentemente Avaliación Inicial) co fin de determinar a línea de partida do seu grupo e detectar problemas de aprendizaxe. Os resultados globais de cada grupo serán analizados polos titores co fin de determinar as accións necesarias a nivel de ciclo ou centro, que permitan poñer en marcha o plan de reforzo e proacción para adaptar as ensinanzas as características dos alumnos.

Como titor, o mestre ten a capacidade de detectar as casuísticas de risco de problemas de aprendizaxe ou, no seu caso, fracaso escolar, dunha maneira precoz, dada a cercanía cos alumnos. Por iso, resulta moi importante que, coa maior premura posible, poña en marcha os mecanismos de tutoría, de centro ou de zoa a fin de dar resposta a calquera tipo de casuística relacionada con:

- ✓ Detección precoz de posibles NEE no alumnado.
- ✓ Detección precoz de posibles alumnos sobredotados.
- ✓ Situación de alumno susceptible de atención domiciliaria.
- ✓ Presencia de absentismo escolar.
- ✓ Alumnado inmigrante con baixo nivel de competencia lingüística.

- ✓ Casos de maltrato entre compañeiros.
- ✓ Indicios de situaciones de risco social e ou familiar....

Os problemas de convivencia dentro do Centro ou da aula serán tratados segundo o Plan de Convivencia do Centro.

NO CENTRO

Programación das dúas aulas de Educación Especial.

Ademáis das competencias dos Equipos de Ciclo, as mestras PT colaborarán na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe e elaborarán a programación e a realización das adaptacións curriculares dirixidas ao alumnado que o precise.

As aulas de Educación Especial contéplanse como un dos recursos para que os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, podan alcanzar, dentro do mesmo sistema educativo, os obxetivos establecidos con carácter xeneral para tódolos alumnos. Con tal fin, realizaranse as modificacións pertinentes ao seu currículo ordinario, adaptándoo as súas necesidades e elaboraranse as adaptacións curriculares necesarias, traducidas en programas específicos axustados, para aqueles alumnos que se aparten significativamente dos contidos, obxectivos e criterios de avaliación do currículo ordinario.

Organización y funcionamiento das aulas de EE

As aulas de Educación Especial atenderán aos alumnos con NEE, que previamente foron valorados e derivados dende o Equipo de Orientación e teñan unha Adaptación Curricular Individual.

Este alumnado desenvolverá a súa escolarización mediante unha modalidade de integración parcial, acudindo co seu grupo ordinario, con apoios en períodos variables.

Para confeccionar o horario das aulas de Educación Especial tense en conta os niveis educativos do alumnado, así como a súa idade cronolóxica e os momentos

nos que estes alumnos teñen que saír fora da aula ordinaria e entran na aula de apoio, reforzándolle as mesmas áreas que nese momento están impartindo na súa clase ordinaria.

Os especialistas en Pedagogía Terapéutica, atenderán a este alumnado, ao resto do profesorado, dentro das súas posibilidades, mediante orientacións, batería de actividades, batería de test e materiais que respondan as súas demandas e as familias, en colaboración cos titores/as, ante a educación dos seus fillos.

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

	OBXECTIVOS	ACTUACIONES
IDENTIFICACIÓN DE ALUMNADO CON NEE	Participar no proceso de identificación do <i>alumnado con nee</i> .	Asesoramento ao Profesorado sobre a identificación de ACNEE Colaboración na avaliación psicopedagóxica do alumnado de nee: niveis de competencia curricular, estilo de aprendizaxe...
ORGANIZACIÓN DA RESPONSA EDUCATIVA AO ALUMNADO CON NEE	Planificar as actividades dal aula de apoio. Colaborar na organización da resposta educativa e familiar para acnee. Lograr a coordinación de actuacións do profesorado que atende aos alumnos/as acnee.	Asesoramento e participación na elaboración das ACI. Organización do horario dos alumnos/as que acuden a aula de apoio. Colaboración na organización de medidas de atención a diversidade para ACNEE. Asesoramento ao profesorado para a elección e/o adaptación de materiais. Elaboración de programas específicos para alumnos ACNEE. Reunions de coordinación co titor e Profesores/as. Asesoramento sobre os programas e actividades a desenvolver no ámbito familiar.
SEGUIMIENTO DO ALUMNADO CON NEE	Realizar un seguimento da evolución do alumnado de nee e axeitalo a resposta <i>educativa</i> .	Avaliación inicial dos alumnos/as atendidos. Participación, en colaboración co profesorado, no proceso de avaliación dos alumnos/as. Elaboración de informes de seguimento. Reunions de seguimento con profesorado y EOE. Coordinación do Equipo Docente. Información as familias sobre as actividades realizadas e o progreso dos alumno/as.
ATENCIÓN DIRECTA CO ALUMNADO	Desenvolvemento dos programas de intervención co alumnado que contribúan a personalización do proceso de ensinanza/aprendizaxe.	Desenvolvemento de aprendizaxes básicos instrumentais incluídos nas ACIS. Desenvolvemento de programas de reforzo e apoio: • Prerrequisitos (Atención, percepción, memoria...) • Habilidades sociais. • Modificación de conducta Desenvolvemento de programas de intervención en problemas específicos (Problemas graves lectoescritura, cálculo, resolución de problemas).
PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DIFICULTADES	Participar na planificación e desenvolvemento. Actuacións de prevención de dificultades de aprendizaxe a nivel <i>grupal e/o individual</i> .	Colaboración no desenvolvemento de programas grupais de prevención (Programa de estimulación do linguaxe oral,...). Asesoramento sobre identificación do alumnado de risco. Desenvolvemento de actividades cos alumnos/as para a prevención de dificultades de aprendizaxe.
ACTIVIDADES DE TUTORÍA COS ALUMNOS	- Contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas relacionadas coa acción tutorial. - Colaborar na adaptación dos materiais utilizados na acción tutorial.	Dinamización da integración dos ACNNE no Centro e nas actividades propostas. Realización de actividades, dentro da aula de apoio, que favorezcan a participación, o desenvolvemento da madurez emocional e social. Colaboración co titor/a para a adaptación das actividades de tutoría. Realización de actividades para o desenvolvemento de hábitos de traballo e técnicas de estudo co alumnado nee.

MEDIDAS DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN PARA O ALUMNADO CON NEE

Ainda que a acción tutorial cos alumnos/as con necesidades educativas especiais, en principio debe ser básicamente similar á realizada con calquera alumno/a. Existen una serie de factores que recomendan unha consideración especial para este tipo de alumnado:

- Necesidade de planificar actuacións específicas de acollida atendendo a posibles características específicas do alumnado.
- Necesidade de organizar unha resposta educativa ás necesidades deste alumnado o antes posible.
- Necesidade dun traballo coordinado dos distintos profesionais que interveñen co alumnado, en especial co profesorado de PT e AL.
- Necesidade de personalización do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Necesidade de desenrolar estratexias específicas para lograr a integración real do alumnado na aula e no Centro.

a. Acollida e organización da resposta educativa**PROFESORADO**

ACTUACIÓN	ESTRATEGIAS E/OU RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Analizar as NEE do alumno: características xerais da discapacidade e situación actual do alumno. Se o alumno estivo escolarizado previamente: análise da súa historia escolar. Organización de actividades específicas de acollida. Determinación da resposta educativa inicial para o alumno/a: horas de apoio, orientacións para a atención na aula ordinaria, organización da avaliación inicial. Determinación de actuacións e responsables do proceso de avaliación psicopedagóxica.	Reunión de traballo previa a escolarización do alumno/a.	Equipo Educativo, Xefe de Estudos, PT, e Orientador/a	Primeira quincena de Setembro
Análisis da situación do alumno/a. Toma de decisións sobre a resposta educativa: AC, horario de apoio, recursos personais e materiais. Planificación de tarefas e responsables na elaboración da AC e o seguimento do alumnado.	Reunión de traballo tras a avaliación inicial e psicopedagóxica.	Equipo Educativo, Xefe de Estudos, PT, e Orientador/a	Outubro

ALUMNADO

ACTUACIÓNS	ESTRATEGIAS E/OU RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Visita individual ao centro do alumno/a con nee.	Facer Dictamen.	Titor/a Familia Equipos especializados	Marzo/ Abril (Curso anterior)
Autorización do alumno/a durante a segunda quincena de Setembro (Especialmente no caso no que o alumno non se escolarice en EI 3 anos).			Do 15 ao 30 de Setembro.
Acollida e período de adaptación normalizados para EI de 3 anos.		Titor/a	Do 15 ao 30 de setembro.
Programación de actividades para a sensibilización sobre as necesidades do alumno/a ao resto de compañeiros e posibles normas da clase para a súa mellor integración (ej. Disposición do mobiliario, orden...)	Actividades a incluír dentro da programación de tutoría.	Titor/a	Del 15 ao 30 de setembro.

FAMILIA

ACTUACIÓNS	ESTRATEGIAS E/OU RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Temas a tratar: • Recollida da información sobre o alumno/a. • Información sobre a resposta educativa inicial e actuacións co alumno/a. • Necesidades iniciais de material. • Necesidade de coordinación.	Enquisa familiar.	Titor PT	En xuño do curso anterior
Temas a tratar: • Resposta educativa. • Orientacións para o desenvolvemento de programas de ámbito familiar.	Enquisa familiar.	Titor PT	En xuño do curso anterior
Desenrolo de contidos referentes a atención e integración ao alumnado con nee e sobre a necesidade específica.	Reunións grupais de familias	Titor	En xuño do curso anterior
Sensibilización aos pais a través de charlas para ter en conta a diversidade de alumnado do aula.	Reunións grupais de familias	Titor	En xuño do curso anterior

b. Medidas para facilitar a integración**PROFESORADO**

ACTUACIÓNS	ESTRATEGIAS E/OU RECURSOS	RESPONSABLES
Establecer mecanismos de coordinación entre o profesorado da aula ordinaria e a de EE que favoreza a programación de actividades a realizar no grupo de referencia.	Reunións Equipos Docentes. Diario do alumno/a. Reunións de traballo.	Equipo Educativo, Xefe de Estudos, PT, e Orientador/a

ALUMNADO

ACTUACIÓNS	ESTRATEGIAS E/OU RECURSOS	RESPONSABLES
Desenrolo de actividades de coñecemento do grupo, aceptación de diferencias, educación en valores (respeto, solidariedade...), habilidades sociais.	Programación das actividades de tutoría.	Titor
Tutoría entre alumnos/as: Entre iguais: Alumno/a do grupo encargado de acompañar e favorecer as relacións do alumno/a co nee. Entre compañeiros/as de distinta idade: alumnado de cursos superiores que axudan a integración de alumnos con nee. Con inversión de roles: e o propio alumno/a con nee o que realiza as funcións de titor de outros alumnos "ordinarios".		Titor Equipo Educativo Alumnos Titores
Considerar as características dos alumnos a hora de organizar actividades complementarias e extraescolares.		Profesorado Equipo Directivo

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

Nas reunións que se realizan cada trimestre polos compoñentes do departamento de orientación, realízase unha avaliación da evolución deste proxecto.

Tamén é necesario coñecer o desenvolto do traballo e a súa incidencia, para así revisar, reconducir e modificar calquer aspecto dos elementos que interveñen durante o proceso.

Polo tanto a planificación inicial debe estar en contínua revisión.

Criterios para avaliar o desenvolto do plan e o logro dos obxectivos propostos:

RESPECTO AO ALUMNADO:

- Resultado dos test pasados os cursos de ed. Infantil 5 anos e 2º, 4º, e 6º de Ed. Primaria.
- Resultado dos programas de intervención levados a cabo con alumnos de NEE.
- Resultados das ACI.
- Valoración dos hábitos e métodos de estudo adquiridos nos cursos de 5º e 6º de ed. Primaria.
- Resolución de conflitos interpersoais.

RESPECTO O PROFESORADO:

- Mellora da labor docente co asesoramento do departamento de orientación.
- Mellora da relación dos profesores cos alumnos e cos pais a través do plan de acción tutorial.
- Mellora da actitude ante a integración de nenos con NEE.
- Grao de participación en actividades de formación relacionadas co ámbito de actuación: habilidades sociais, ensinar a pensar, técnicas de grupos.

RESPECTO AS FAMILIAS:

- Mellora das relacións co ámbito escolar a través das xuntanzas e das tutorías.
- Mellora da implicación familiar no proceso educativo dos seus fillos.
- Resposta familiar ante o asesoramento en casos de NEE.

Os resultados desta avaliación e as propostas de mellora aparecerán reflictidos anualmente na **Memoria do Centro** e suporán a modificación no próximo Plan de Orientación.